Concello de Arzúa

A C T A

En Arzúa, a 7 de xuño de 2018.

Sendo as 10.10 horas, no Salón de Sesións da Casa do Concello, reunense os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará **o exercicio de carácter práctico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **Técnico en turismo**, na modalidade de **funcionario interino**, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada laboral de trinta e sete horas e media semanais, durante un período de tempo de catro meses; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por decreto do alcalde, ditado o día 10 de abril de 2018.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:
• Presidente: D. Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico do Concello de Arzúa*).
• Vogais:
-Dª. Monica Seijo Rey (*axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques*).
-D. Joaquim Vázquez Rodríguez (*técnico de normalización lingüística do concello de Melide*).
- Dª. Ana Vallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Boimorto*).
• Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado *(Secretario do concello de Arzúa),* que actuara con voz e voto.
(Non compareceu a vogal dona Ana Vallo Camba -axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Boimorto).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-, o presidente procedeu a declarar constituida dita Comisión, co obxecto de levar a cabo:

I) En primeiro lugar, **a resolución da reclamación presentada** pola aspirante María García Pérez, a través dun escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 4 de xuño de 2018, ao considerar:

- Que a pregunta nº 28 do exercicio teórico realizado o día 31 de maio estaba mal corrrexida, por canto que o Códice Calixtino é do siglo XII e non do siglo XI.

Que a pregunta nº 5 do mesmo exercicio non encaixaba en ningún tema dos incluidos no Anexo I das Bases.

Tras realizar as comprobacións necesarias -por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora- acordouse:

a) Estimar a primeira reclamación, e en consecuencia valorar con 1 punto mais a resposta dada polas catro aspirantes que compareceron a realizar ese exercicio teórico, por canto que as catro contestaron correctamente esa cuestión; de maneira que, en consecuencia a súa puntuación global nese exercicio, pasaría a ser a seguinte:

1.- Raquel Sexto Rey 20,00 puntos (1+0,25)
2.- María García Pérez 18,75 puntos (1+0,25)

3.- Constantino González Varela 18,25 puntos (1+0,25)

4.- Noemí Abajo Vega 12,75 puntos (1+0,25)

b) Desestimar a segunda alegación, por non ser certo o que di a aspirante, xa que a cuestión 5ª formulada encaixa perfectamente non só no tema 11 que se refire ao turismo cultural, senón noutros temas do mesmo temario.

II) En segundo lugar **a realización do segundo exercicio** dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en realizar un suposto práctico, directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario que figura no Anexo I das Bases que rixen a oposición.

Para o cal, polo presidente da Comisión Seleccionadora, propuxose que dito exercicio tivese dúas partes diferenciadas:

* Unha, que sería cualificada cun máximo de 10 puntos, a razón de 1 punto por cada respota contestada correctamente, e que consistiría en marcar de xeito apróximado nun plano a situación duns puntos de interese dentro do núcleo urbano de Arzúa:

1. Recinto feiral.
2. Piscina municipal.
3. Centro de saúde.
4. Biblioteca municipal.
5. Oficina de turismo.
6. Albergue público.
7. Casa do Concello.
8. Casa da Cultura
9. Xulgados
10. Capela da Madanela.

(De cuxo plano se achega unha fotocopia á presente acta, coa indicación no mesmo de cales serían as respostas correctas).

*Outra, que sería cualificada tamén cun máximo de 10 puntos, a razón de 2 puntos por cada resposta contestada correctamente, e que consistiría en resolver as cinco cuestións que deseguido se indican, referidas a unha situación de información a un peregrino:

1. Indica tres puntos de interese turístico que recomendarías a un peregrino que quere pasar máis dun día en Arzúa. Indica brevemente as razóns das túas recomendacións.

2. Se algún peregrino chega a oficina de turismo pedindo información sobre o queixo de Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa, que información lle darías?

3. Que produtos típicos da gastronomía arzuá ou galega recomendarías a un peregrino. Indica algunha razón para facelo.

4. Se un peregrino pide información dos distintos tipos de establecementos existentes no Concello para pernoctar, que información lle darías? ¿Que lle destacarías de cada un dos tipos?

5. Dentro da arquitectura relixiosa indica tres igrexas que se atopen no Concello de Arzúa que teñan algún tipo de interese.

En relación coas valoracións indicadas, o secretario da Comisión Seleccionadora manifestou que consideraba que debería outorgarse unha maior puntuación á segunda proba, como se fixo cando se celebrou un proceso de selección semellante o pasado ano, no que a primeira proba valorouse cun máximo de 6 puntos e a segunda cun máximo de 14 puntos; por considerar que os puntos de interese a que se refire a primeira proba (das dúas de que consta este exercicio), poden ser coñecidos en menos de media hora pola persoa que resulte seleccionada para desempeñar o posto de técnico en turismo, sen ter que realizar ningún tipo de preparación previa.

Non obstante esta observación, os restantes tres membros da Comisión Seleccionadora consideraron que as puntuacións deberían ser dun máximo de 10 puntos en cada unha desas dúas

probas propostas.

Despois procedeuse a chamar aos dous aspirantes que compareceron a realizar este exercicio práctico, polo mesmo orde que o da súa presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, os cales -cando entraron no Salón de Sesións- pasaron a ocupar o asiento que había disponible para dito fin, xunto á mesa alí existente.

Comprobándose que non compareceu o aspirante Constantino González Varela.

Unha vez realizados os exercicios por parte dass dúas aspirantes, dentro do prazo asignado para iso, de sesenta minutos, a Comisión Seleccionadora requiriu as dúas aspirantes para que procedesen á lectura do exercicio práctico realizado, o cal fixeron polo seguinte orde: no primeiro lugar a aspirante María García Pérez e seguidamente a aspirante Raquel Sexto Rey; de maneira que -durante a lectura de cada exercicio- a outra aspirante quedaba fóra do Salón de Sesións.

Tras a lectura dos dous exercicios realizados, a Comisión Seleccionadora procedeu á cualificación deses dous exercicios; outorgandose -por tres votos a favor, coa abstención do secretario da citada Comisión Seleccionadora- as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Exercicio práctico		Total
	Primeira parte	Segunda parte	
María García Pérez	10	8	18
Raquel Sexto Rey	8	8	16

En consecuencia con canto quedou exposto, a Comisión Seleccionadora adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada unha das dúas aspirantes presentadas, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que as interesadas poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, de que constaba a oposición convocada; cuxas puntuacións resultaron ser superiores á mínima de 10 puntos para non quedar eliminadas.

Segundo.- Facer saber as dúas aspirantes que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente- estarían exentas de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2,5 puntos cada unha delas, por vir así previsto para tales casos na Base 10ª das que rixen o proceso de selección.

Terceiro.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecemento do idioma galego; polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polas dúas aspirantes que superaron o proceso de selección serían as seguintes:

	Nome e apelidos	Ex. teórico	Ex. práctico		Galego	TOTAL
1º	María García Pérez	18,75	10	8	2,5	39,25
2º	Raquel Sexto Rey	20	8	8	2,5	38,5

Cuarto.- Formular ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionaria interina, para desenvolver o posto de traballo de técnica en turismo, a favor da aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser **María García Pérez**; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base 2ª das que rixen o proceso de selección.

Quinto.- Concretar que, para o suposto de que a aspirante proposta como técnico en turismo, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base 12ª- os requisitos necesarios para realizar o seu nomeamento, ou renunciase a ser nomeada funcionaria interina; a proposta de nomeamento agora realizada se traslade a favor da seguinte aspirante.

Sexto.- Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento das interesadas, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rixen a oposición.

Co cal se dá por rematado o acto ás 11.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.